

## **RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E PUBLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DOS ESTIBADORES PORTUARIOS DO PORTO DE FERROL (SAGEP FERROL) (BOP DE A CORUÑA DE 2 DE MAYO DE 2013)**

Visto o expediente do convenio colectivo da Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios do Porto de Ferrol (SAGEP Ferrol) (código de convenio 15002872011991), que foi suscrito pola comisión negociadora na xuntaza do 13.03.2013, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

A Xefatura Territorial de Traballo e Benestar da Coruña, Resolve:

1.º Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### **CONVENIO COLECTIVO DOS ESTIBADORES PORTUARIOS DO PORTO DE FERROL**

#### **CAPÍTULO I**

#### **Disposicións xerais**

**Art. 1. Ámbito funcional.**—O presente convenio regulará as relacións laborais e de asistencia social entre a Sociedade Anónima de Gestión de Estibadores Portuarios del Puerto de Ferrol (SAGEP Ferrol) e as empresas asociadas, co colectivo de traballadores en réxime de relación laboral especial e común que interveñan na realización das actividades portuarias, constitutivas do servizo básico de manipulación e transporte de mercadorías, segundo art. 60 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral e relacionadas no III Acordo para a Regulación das relacións laborais no sector portuario, así como as complementarias —sen o carácter de servizo público a que se refiren os artigos 2.º e 6.º, do R.D.371/87— de entrega e recepción, enchedura e baleirado de colectores e consolidación e desconsolidación de mercadorías, sempre que se realicen no porto.

**Art. 2. Ámbito persoal.**—Quedan sometidos ao presente convenio:

- A Sociedade Anónima de Gestión de Estibadores Portuarios del Puerto de Ferrol.
- As empresas estibadoras que teñan encargada a xestión do servizo público de estiba e estiba.
- Como traballadores, afectará á totalidade dos estibadores portuarios contratados pola SAGEP, en réxime

de relación laboral especial, ou polas empresas estibadoras, en réxime de relación laboral común, e aqueles traballadores procedentes do parágrafo terceiro do apartado dous, da disposición transitoria segunda do Real decreto-lei 2/1986.

**Art. 3. Garantía ad personam.**—Respectaranse as situacións persoais que en concepto de percepcións de calquera clase e no seu conxunto en cómputo global anual, sexan máis beneficiosas que as fixadas no presente convenio colectivo, entendéndose estritamente «ad personam».

**Art. 4. Ámbito temporal.**—O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011 e extenderá a súa vixencia temporal ata o 31 de decembro de 2012. Calquera dos asinantes poderá denuncialo con dous meses de antelación á data do seu vencemento. A denuncia formularase por escrito e notificarase ás partes suscribintes e a autoridade laboral. No caso de non ser denunciado prorogarase a súa vixencia por períodos dun ano. En todo caso, e aínda mediando denuncia, o convenio colectivo manterá a súa total vixencia en tanto en canto non se asine outro co ámbito actual ou co que as partes asinantes deste convenio poideran determinar no transcurso de futuras negociacións.

**Art. 5. Ámbito territorial.**—O presente convenio é de aplicación á zona de servizo do porto de Ferrol.

Para os efectos deste convenio entenderase por «zona portuaria» a definida como tal polo órgano da administración que teña as competencias xerais sobre as actividades do porto de Ferrol.

**Art. 6. Vinculación á totalidade.**—As condicións pactadas forman un todo orgánico e indivisible e, para os efectos da súa aplicación práctica, serán consideradas globalmente. No suposto previsto no art. 90.5 do Estatuto dos Traballadores, estarase ó que resolva a xurisdición competente.

**Art. 7. Comisión paritaria.**—A comisión paritaria prevista no artigo 85.2.e) do Estatuto dos Traballadores, estará composta por seis (6) vogais, tres (3) en representación dos traballadores (sindicatos asinantes) e outros tres (3) en representación da sociedade e empresas estibadoras (2 representantes da sociedade e 1 das empresas estibadoras) que serán designados polas respectivas representacións na comisión negociadora deste convenio.

Poderán asistir ás sesións da comisión paritaria, con voz pero sen voto, os asesores que as partes consideren convenientes, cun máximo de dous (2) por cada parte.

Serán funcións xerais da comisión paritaria, ademais das que se lle asignan especificamente no texto do convenio, as seguintes:

- A interpretación auténtica deste convenio.

- A mediación entre as partes, acordando estas someterse á súa conciliación e arbitraje, intervindo con carácter preceptivo e previo, en todos os conflitos que poidan xurdir. Para estes efectos, estimaranse “conflitos” os seguintes: o exercicio do dereito de folga, as medidas de conflito colectivo promovidas por empresarios ou traballadores, a modificación das condicións de traballo, os despedimentos colectivos ou por circunstancias obxectivas, e aqueles outros que as partes acorden no seo da comisión.

Corresponderá á representación social ou empresarial que decida iniciar “conflitos”, a convocatoria da comisión paritaria, para formular o conflito e as alternativas de solución, debendo reunirse a mesma, como máximo, dentro das 48 horas seguintes á convocatoria. A estes efectos a comisión paritaria poderá acordar a designación dun ou tres árbitros, para a solución de calquera conflito por vía da arbitraje de equidade, sen prexuízo das competencias atribuídas á comisión mixta do III Acordo para a regulación das relacións laborais no sector portuario (en diante III Acordo sectorial).

A preceptiva intervención da comisión paritaria non impedirá á parte social ou empresarial a iniciación dos trámites conciliatorios ou de preaviso que teñan carácter obrigatorio e previo ao exercicio de accións ante órganos xurisdiccionais, administrativos ou de medidas de presión, cando así esixase por disposición legal.

- A colaboración nos traballos asumidos pola comisión mixta do III Acordo sectorial cando así sexa solicitado por esta.

- Para a súa validez, os acordos da comisión paritaria, deben ser adoptados pola maioría dos votos de cada unha das representacións.

Así mesmo, a comisión paritaria recolle o seu compromiso de estudo e análise, dentro da vixencia do convenio, encamiñado á posible implantación dun plan de pensións.

## CAPÍTULO II

### Plan de emprego

**Art. 8. Estructura de persoal.**—De acordo co previsto no III ACORDO SECTORIAL, e cumprindo o disposto no seu artigo 6, ao obxecto de conseguir uns criterios obxectivos para tomar decisións acerca de novos ingresos de persoal, deberán terse en conta as seguintes estipulacións:

- Entenderase por nivel óptimo de emprego dos estibadores suxeitos a relación laboral especial, o 85% da xornada máxima convencional, computada a nivel de porto, anualmente, e a rendemento habitual. A este respecto a xornada antes dita supoñerá un máximo de 228 quendas anuais en xornada de 8 horas, o seu equivalente anual en horas, no caso de efectuarse aleatoriamente polo persoal xornadas tanto de 6 coma de 8 horas, e de 274 quendas en xornada de 6 horas.

- Ao obxecto de determinar o nivel de ocupación, en orde ao establecemento do nivel óptimo de emprego, computaranse as quendas traballadas a rendemento habitual, con aplicación da polivalencia e mobilidade pactadas no III Acordo sectorial. De non concorrer as indicadas condicións de polivalencia e mobilidade, computarase -nas operacións portuarias efectuadas-, o tempo de traballo a rendemento habitual dentro da

quenda, calquera que sexa a denominación ou cómputo que a nosa normativa outorgue ao tempo contratado.

O cómputo será realizado anualmente, e, en atención ao traballo dos estibadores portuarios con relación laboral especial en activo. Deduciranse os períodos de baixas ou xornadas non realizadas polas causas de suspensión do contrato de traballo, sen superar, a estes efectos, o 5% anual.

- En canto a mobilidade funcional e polivalencia, estarase ao disposto no artigo 11 do III Acordo sectorial.

Cando nunha xornada se esgoten as listas de rotación de cada grupo profesional, implantarase a polivalencia e mobilidade funcional entre grupos, sendo preferente o de relación laboral especial en caso de dobraxe, coa única limitación da capacitación profesional.

- A representación empresarial (SAGEP e empresas estibadoras) comprométese a elevar á comisión mixta do III Acordo sectorial a proposta de incremento de equipo que, no seu caso, puidese acordarse tras analizar o nivel de ocupación existente.

- As condicións de ingreso e laborais dos traballadores que puidesen contratarse por SAGEP para a súa inclusión no Grupo Profesional 0, serán as derivadas da aplicación do art. 6.3 do III Acordo sectorial. Sobre o particular cabe sinalar que o salario bruto mensual establecido pola comisión mixta do III Acordo sectorial para este grupo profesional poderá incrementarse con complementos por cantidade de traballo a contía do cal non poderá ser superior ao 30% deste.

### CAPÍTULO III

#### Solicitud de traballadores portuarios

**Art. 9. Procedemento.**—As empresas estibadoras solicitarán da SAGEP os traballadores portuarios que precisen para a realización das súas actividades portuarias constitutivas do servizo público e, si así da SAGEP precisáseno, aquelas complementarias que necesitasen, e esta deberá proporcionarllos, organizando diariamente a distribución e adscrición dos seus traballadores mediante o sistema de rotación.

Os cargos de capataces, controladores de mercadorías, oficiais (aos que lles corresponderán as funcións de sinalización das operacións, manexo de grúas de bordo, maquinilla e outros elementos mecánicos cando se utilicen nas operacións) e especialistas (que realizarán a manipulación de traspaletas, xa sexa manuais ou eléctricas e, ao igual que os oficiais e coa mesma retribución, a sinalización de operacións), unha vez dado cumprimento ao disposto no art. 11 do RDL 2/86 do 23 de maio, serán ocupados con absoluta preferencia con persoal fixo da SAGEP, que será repartido homoxeneamente entre todos os barcos. Os postos de capataz, controlador de mercadorías, oficial e especialista, unha vez nomeado todo o persoal de SAGEP, poderán ser ocupados por traballadores que teñan a debida cualificación, unha vez cumpridos os requisitos do Real decreto-lei 2/1986 e III Acordo sectorial.

As empresas estibadoras, con antelación de quince minutos a cada nomeamento, formularán a súa solicitude de persoal por escrito, con determinación do número de traballadores e especificación das

acreditacións profesionais interesadas e con mención das particularidades seguintes, ademais das que fixe o impreso existente ao efecto:

- a). Identificación do lugar de prestación dos servizos.
- b) Natureza dos servizos a prestar.
- c) Natureza das mercadorías a manipular.
- d) Medios mecánicos a utilizar.
- e) Horario de traballo.

#### CAPÍTULO IV

#### **Contratación de traballadores portuarios polas empresas estibadoras**

**Art. 10. Procedemento de incorporación de traballadores en relación laboral común.**—As empresas estibadoras que desexen contratar como fixos dos seus equipos a estibadores portuarios vinculados á SAGEP, efectuarán unha oferta nominativa, sempre que exista acordo expreso entre a empresa estibadora e o traballador, ou innominada, con detalle do grupo profesional, especialidade e función a desenvolver.

A SAGEP comunicará de forma inmediata oferta á representación legal dos traballadores e, no seu caso, aos traballadores nos cales concorran as condicións da proposta. En caso de que a oferta fose innominada, publicarao no taboleiro de anuncios para xeneral coñecemento e por termo de seis días.

Os traballadores que voluntariamente opten ao posto de traballo ofertado, comunicarano á SAGEP e esta, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior, trasladará á empresa solicitante as ofertas recibidas, incluíndo os datos profesionais dos traballadores e a súa orde de antigüidade. Á vista dos datos indicados, a empresa decidirá libremente.

De non existir voluntarios, a SAGEP comunicarao de forma inmediata á empresa estibadora interesada, remitíndolle ao mesmo tempo a lista de traballadores pertencentes ao grupo profesional requirido, coa especialidade pertinente. Igualmente, a empresa estibadora será informada da antigüidade destes traballadores, así como da súa capacitación e experiencia profesional.

A empresa estibadora, no prazo de dous días dende que reciba esta documentación remitirá á SAGEP oferta nominativa de emprego, quen deberá comunicala inmediatamente ao traballador.

O estibador e a SAGEP poderán de mutuo acordo fixar un tempo determinado para a suspensión do

contrato especial de traballo que os une. O período de suspensión pactado non poderá ser inferior a tres anos. Este pacto de suspensión deberá incluírse no contrato de traballo que subscriba o traballador coa empresa estibadora.

As empresas nas ofertas deberán facer constar as condicións laborais e económicas que, como mínimo, serán iguais ás dos traballadores de relación laboral especial en condicións de traballo homoxéneas.

Esgotado o procedemento regulado nos apartados anteriores e no suposto de que unha empresa estibadora non teña contratados como persoal de relación laboral común ou da transitoria segunda, parágrafo terceiro do apartado dous, do Real decreto-lei 2/1986, un número de traballadores portuarios suficiente para cubrir unha porcentaxe non inferior ao 25 por 100 das súas actividades integrantes do servizo público (base 3.e. da Orde 15 de abril de 1987, de bases para a xestión do servizo público de estiba e estiba de buques nos portos de interese xeral), completará esta porcentaxe con traballadores procedentes do grupo 0 auxiliar e xa encadrados no seu novo grupo profesional, ao obxecto de completar a súa formación e por un período non inferior a un ano, nas condicións económicas e laborais que correspondan ao seu novo grupo profesional.

Para cualificar como reiterado o rexeitamento dunha oferta axeitada se aplicará o que a normativa vixente establece ao respecto.

**Art. 11. Efectos da contratación.**—Os traballadores procedentes da SAGEP contratados polas empresas estibadoras quedarán vinculados a estas por relación laboral común (art. 10, RDL 2/1986).

A contratación por unha empresa estibadora dun traballador portuario vinculado á SAGEP producirá a suspensión da relación laboral especial que lles unía, a cal quedará restablecida no suposto de que se producise a extinción do seu contrato coa empresa polas causas previstas no Estatuto dos Traballadores coas excepcións que se establecen no parágrafo segundo do artigo 10 do Real decreto-lei 2/1986.

O traballador que suspenda a relación laboral especial, por iniciar unha relación laboral común cunha empresa afectada polo presente acordo, conservará os dereitos económicos de antigüidade na SAGEP anteriores á data de suspensión.

No caso de que se continuase a relación laboral especial por algunha das causas previstas no Real decreto-lei 2/1986, o traballador non percibirá indemnización ningunha da empresa estibadora reintegrándose na SAGEP coas condicións de traballo e os dereitos económicos dos traballadores desta correspondentes ao seu mesmo grupo profesional.

O tempo de traballo prestado baixo o réxime de relación laboral común con suspensión da especial, computarase, se é o caso, para os efectos de antigüidade pola SAGEP.

**Art. 12. Contratación de fixos de equipo.**—Durante a vixencia deste convenio as empresas estibadoras ocuparán, como fixos dos seus equipos, a unha cota de traballadores portuarios equivalente aos necesarios para atender, como mínimo, o 25% do total de quendas traballadas no porto en labores

portuarios de servizo público, segundo se recolle no vixente prego de cláusulas de explotación do servizo público de estiba e estiba de buques, no porto de Ferrol, se ben deberá crearse en cada empresa unha estrutura mínima dun traballador portuario, todo iso de acordo coas disposicións de aplicación.

## CAPÍTULO V

### Xornada, horarios, festas, vacacións

**Art. 13. Xornada.**—A xornada ordinaria de traballo será de 40 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual. Dada a irregularidade na prestación do traballo no porto, o control e cómputo da xornada (un ou dúas quendas, en suposto de reenganche), recollidos no art. 8, parágrafo segundo, realizarase anualmente para cada traballador. No relativo a ordenación da xornada, duración e descansos legais, dadas as peculiaridades do tipo de traballo, no que se suceden de forma aleatoria días de grande concentración de traballo con outros de absoluta inactividade, o número de horas efectivas de traballo poderá ser superior a nove diarias. Así mesmo, dado o valor primordial que nestes casos a lei outorga á negociación colectiva, as partes fan expreso recoñecemento de que o réxime de funcionamento pactado non redunda en modo ningún nin nunha ampliación da xornada nin nunha redución dos descansos, senón nunha ordenación máis flexible de ambos os dous.

Na ordenación da xornada salvagardaranse os límites de duración máximos e os descansos legais entre xornadas e o semanal, debendo os estibadores do equipo manter a plena dispoñibilidade para a súa ocupación conforme ás quendas de traballo, sistema de nomeamento e xornadas establecidos neste convenio.

**Art. 14. Horario.**—Os horarios de traballo dispoñibles serán os seguintes:

A. De LUNS a VENRES

A.1. Xornadas intensivas:

Primeira quenda: de 08.00 a 14.00

Segunda quenda: de 13.30 a 19.30

De 14.00 a 20.00

De 17.30 a 23.30

Terceira quenda: de 20.00 a 02.00

Cuarta quenda: de 02.00 a 08.00

A.2. Xornada partida:

Primeira quenda: de 08.00 a 12.00 e 13.30 a 17.30

B. SÁBADO, DOMINGO E FESTIVOS:

Xornadas intensivas:

Primeira quenda: de 08.00 a 14.00

Segunda quenda: de 14.00 a 20.00

Terceira quenda: de 20.00 a 02.00

Cuarta quenda: de 02.00 a 08.00

As remuneracións correspondentes ás distintas quendas nos diferentes días da semana e segundo o grupo profesional de que se trate, se recolle no anexo I, táboa salarios de operación 2011 e 2012 (páx. 25).

A todos os efectos, as 24 horas de xornada, computaranse a partir das 8.00 horas de cada día e non das 00.00 horas.

O traballo en Domingos e Festivos será realizado exclusivamente mediante xornadas intensivas de 8.00 a 14.00 / 14.00 a 20.00 / 20.00 a 02.00 ou 02.00 a 08.00.

Todos os traballadores de relación laboral especial deberán manter a plena dispoñibilidade para a súa ocupación conforme ás quendas de traballo, sistema de nomeamento e xornadas establecidas, debendo cumprir coa realización das tarefas nos seus respectivos postos de traballo.

Computarase como xornada cumprida cando, xa nomeado o traballador, por causas alleas á súa vontade, non se realicen operacións.

Calquera irregularidade observada tanto por parte da empresa estibadora como polos traballadores, se notificará ao capataz da operación e este ao xerente da SAGEP. Calquera outra xornada poderá ser acordada pola dirección da SAGEP e o delegado de persoal en función das necesidades.

A manipulación e transporte de mercadorías nos portos de interese xeral son actividades de prestación de



interese xeral e, por este carácter, as mesmas deberán estar sempre garantidas. Por iso, o traballo en sábados tarde, domingos e festivos intentarase cubrir inicialmente con persoal voluntario da SAGEP, respectándose a orde da lista de rotación e complementándose co persoal que sexa necesario. Respectaranse sempre aqueles traballadores que realizaran xa as 40 horas semanais ou 6 xornadas de traballo na devandita semana. Igualmente respectarase para o traballo en sábados tarde, a aqueles traballadores que efectuaran xornada pola mañá. En caso de realizarse as xornadas de sábado tarde, domingo ou festivo, traballador e SAGEP poranse de acordo para gozar obrigatoriamente o descanso correspondente na forma habitual. A remuneración, en todos estes casos (sábados a partir das 14.00 horas, e as 24 horas de domingos e festivos) terá un plus de xornada do 100% sobre o valor asignado en táboas aos xornais realizados de luns a venres, de 13.30 a 19.30 en xornada intensiva, sen abono, caso de producirse, do cambio de operación.

Dada a irregularidade do tráfico marítimo, os traballadores manifestan a súa disposición de atender voluntariamente os reenganches que se ofrezan polas empresas estibadoras debidos á concentración de traballo. A tal obxecto, o reenganche non poderá exceder dun ao día.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, a representación legal dos traballadores poderá acordar non atender colectivamente os pedidos das empresas que poidan supoñer reenganche. En tal caso, deberá poñelo en coñecemento da SAGEP cun preaviso mínimo de 72 horas, sen prexuízo da competencia propia da comisión paritaria.

Prohíbese, con carácter xeral, que un mesmo traballador da SAGEP realice dúas quendas no mesmo día (reenganche ou dobraxe) cando exista outro da mesma Sociedade que, podendo efectuar actividade, non tivera ocupación efectiva no día.

Co obxecto de obter un equitativo repartición do emprego existente, os traballadores de relación laboral común teñen prioridade para o traballo diario, agás en caso de dobraxe, en cuxo caso a preferencia será para os traballadores de relación laboral especial.

Os días de Noiteboa, Noiteboa, Fin de Ano e 16 de xullo a xornada única será de 08.00 a 14.00 horas.

**Art. 15. Remate de buque.**—Para finalizar a operación do buque, as empresas estibadoras poderán dispoñer de 1 hora de remate, en todas as xornadas sen ningunha limitación. A retribución da hora de remate será a recollida nas táboas salarios de operación 2011 e 2012, respectivamente, Anexo I (páx. 25). Non procederá a percepción da hora de remate se o traballador a realizase dentro doutra xornada para a cal xa fose nomeado previamente.

**Art. 16. Nomeamentos.**—A Sociedade de Estiba ten a facultade de distribución rotacional do persoal para os distintos traballos para os que este foi requirido, distribuíndoo de acordo ás necesidades do porto.

Os nomeamentos realizaranse de luns a venres ás 07.45, e ás 13.15 horas. O nomeamento para sábados tarde, domingos e festivos, realizaranse, no caso de sábado tarde, no nomeamento de sábado ás 07.45, e para domingos e festivos, as vésperas no das 07.45 e 13.15 respectivamente. Só no caso de que, nese Sábado ou véspera de festivo, se estivese a traballar un buque en xornada continuada de 24 horas, e se soubese con certeza a continuidade da operación ao día seguinte, poderán as empresas estibadoras pedir

un novo nomeamento para ese buque que se realizaría, neste caso, ás 07.45 horas do domingo ou festivo en cuestión. Así mesmo, en caso de dous ou máis festivos contiguos (tendo o domingo tal consideración de festivo), as empresas estibadoras disporán dun nomeamento ás 07.45 horas no segundo dos festivos.

Comezarase a nomear sempre polo traballador que está de primeiro na lista de rotación de cada grupo profesional. A SAGEP, segundo nomea, deberá inescusablemente comunicar a todo o persoal o labor a realizar e o grupo profesional para a que é nomeado, segundo as follas de petición das empresas estibadoras, e de acordo coas normas mínimas establecidas neste convenio.

Os capataces distribuirán os traballadores ao seu cargo tal e como son nomeados. As ordes efectuadas polos capataces deberán ser respectadas polos traballadores, cumprindo en todo momento as normas establecidas por este convenio. Os xornais complementarios, non mans, solicitados en xornada partida, non levarán consigo capataz sempre que, para estes, non se supere o tempo de xornada do capataz nomeado. A non asistencia inustificada ao nomeamento poderá carrexar a correspondente sanción de acordo co art. 34 deste convenio.

A inasistencia do traballador ao nomeamento das 07.45 horas motivada pola vixilancia da saúde reclamada pola Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, non suprime a obrigatoriedade da súa asistencia ao nomeamento das 13.15 horas, no que, se perdeu quenda pola mañá, terá prioridade para ser nomeado, non percibindo cambio de operación, agás que chegase a realizar dous xornais ese día. O traballador que por asistencia ao recoñecemento perdese a realización do xornal no nomeamento das 07.45, e tampouco se lle puidera asignar traballo no nomeamento das 13.15, percibirá un permiso retribuído.

Co obxectivo de que no prazo máximo de 6 meses se poida implantar un sistema de nomeamentos que corrixa as disfuncións do actual, á sinatura do convenio crearase un grupo de traballo formado, por un lado, por dous estibadores da SAGEP e, por outro, por dúas persoas designadas pola xerencia, que traballarán na súa materialización.

**Art. 17. Festas.**—As festas que cada ano gozarán os traballadores, serán as que estableza a autoridade laboral no calendario laboral correspondente da localidade respectiva, sen prexuízo de que nas devanditas festividades poidan realizarse actividades portuarias, cando sexa necesario, e de acordo co recollido sobre traballo en festivos no art. 14 (páx. 7) deste convenio. Igualmente consideraranse festivos o 16 de xullo e 1.º de maio.

**Art. 18. Vacacións.**—Os traballadores portuarios, tanto vinculados por relación laboral común como por relación laboral especial, gozarán de 30 días naturais de vacacións anuais, retribuídas para os grupos profesionais I ao IV na forma que se indica no art. 26 (páx. 13). O período de disfrute, dentro do PLAN de vacacións establecido, fixarase de común acordo entre o traballador e a empresa.

Dentro dos tres primeiros meses do ano natural, a SAGEP confeccionará e publicará un PLAN de disfrute de Vacacións coas diversas quendas por grupos profesionais, aos que poderán optar todos os traballadores afectados por este convenio.

As devanditas quendas estenderanse dende o 1 de xuño ao 30 de setembro, e o mes de decembro. A

preferencia para elixir as quendas efectuarase, en cada grupo profesional, por rotación anual entre os traballadores que o integren, de acordo co artigo 38 do Estatuto dos Traballadores.

A relación das vacacións asignadas publicarase no taboleiro de avisos da Sociedade Estatal e no de todas as empresas estibadoras, para coñecemento dos traballadores.

Fóra das quendas programadas, o disfrute das vacacións en calquera outra época do ano, quedará supeditado ao acordo individual do traballador coa súa empresa, podéndose fraccionar en períodos mínimos de 7 días, ou superiores que sexan múltiplos de 7, e o resto necesario ata completar os 30 días.

**Art. 19. Licencias retribuídas.**—O traballador, logo de aviso e con causa xustificada, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algúns dos seguintes motivos e polo tempo que se indica a continuación:

- 20 días naturais en caso de matrimonio.
- 2 días por nacemento de fillo/a. En caso de gravidade 5 días.
- 2 días en caso de enfermidade grave de parentes ata o segundo grao. 5 días en caso de requirir desprazamento a outra provincia.
- 3 días en caso de falecemento de familiar ata o segundo grao. 5 días en caso de requirir desprazamento a outra provincia.
- 1 día por cambio de domicilio.
- Polo tempo imprescindible para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

En todos estes casos o traballador percibirá o salario día de inactividade, que se lle aboará na nómina correspondente do mes en que se produzan as devanditas licenzas.

## CAPÍTULO VI

### Condições retributivas

**Art. 20. Estrutura da retribución.**—Os traballadores afectados polo presente convenio colectivo percibirán as súas retribucións mediante o sistema de cheque nominativo ou transferencia bancaria ás contas correntes ou de aforro que libremente comunique cada un deles á SAGEP ou empresa estibadora.

Establécese unha estrutura salarial de acordo cos seguintes criterios:

- Salario base/salario de inactividade
  
- Salario de operación
  
- Complemento persoal non absorbible
  
- Plus de transporte
  
- Plus de actividade
  
- Plus de cambio de operación
  
- Pagas extras
  
- Vacacións

Os incrementos para cada un dos anos 2011 e 2012 quedan fixados nun 2,00% sobre todos os conceptos retributivos.

**Art. 21. Salario base.**—O salario base ou de inactividade queda recollido no ANEXO I (páx. 25).

**Art. 22. Complemento persoal non absorbible.**—Todos os estibadores portuarios que estivesen de alta na Sociedade Estatal de Estiba (hoxe SAGEP) á sinatura do III Acordo Marco Sectorial percibirán este complemento procedente do complemento persoal de antigüidade desaparecido como complemento retributivo. Respéctanse as cantidades vixentes e as remuneracións dos futuros tramos temporais na forma ata agora pactada (durante a vixencia do presente convenio o importe deste concepto por tramo será de 47,25 e 48,20 euros, para os anos 2011 e 2012 respectivamente, igual para todos os grupos profesionais, abrangendo cada tramo 5 anos de antigüidade na empresa).

O persoal de novo ingreso non xerará nin percibirá cantidade ningunha polo concepto de antigüidade, de conformidade co establecido no III Acordo marco sectorial.

**Art. 23. Xornais, cambio de operación, plus de actividade e complementos de IT.**—Os días que o

traballador preste servizos para as empresas estibadoras, en substitución do salario base diario ou de inactividade, percibirá durante os anos 2011 e 2012 os xornais establecidos na respectiva «Táboa salarios de operación», Anexo I (páx. 25), de acordo ao traballo que desempeñe. De igual xeito, a diferenza entre os días laborais do mes (descontados os días laborais en I.T., vacacións e folga, faltas, descanso e permisos) e o número de xornais traballados no devandito mes determina a inactividade mensual, que se abonará a 47,16 e 48,10 euros/día nos anos 2011 e 2012 respectivamente.

Os cambios de operación (reenganches) abonaranse segundo os valores recollidos nas respectivas columnas «cambio de operación I» e «Cambio de Operación II» das «Táboas salarios de operación» Anexo I (páx. 25). Os valores dos «cambios de operación I» serán de aplicación só a aqueles traballadores que, polo grao de polivalencia funcional alcanzado, poidan desenvolver tarefas de capataz, de oficial ou de especialista, as tres indistintamente, ou ben que, alcanzada xa a polivalencia funcional entre os Grupos I e II recollidos neste convenio, superaran, polo menos, as probas prácticas de acceso a capataz.

En caso de baixa por incapacidade temporal por continxencias comúns ou por continxencias profesionais, en todas as baixas que se produzan a partir da data de sinatura do convenio, se complementarán as prestacións da Seguridade Social ata alcanzar o 100% das correspondentes ás respectivas bases de cotización do mes anterior ao da devandita baixa.

Establécese un sistema de prima en función da cantidade de traballo realizado de forma que, superado por un estibador a realización de 22 xornais mensuais, percibirá no devandito mes un prima por Plus de actividade de 40,17 e 40,97 euros nos anos 2011 e 2012 respectivamente, igual para as categorías dos grupos I ao IV.

Os labores complementarios, sen o carácter de servizo público a que se refire o artigo 6 do Real Decreto 371/1987, tales como a entrega e recepción de mercadorías, solicitadas á SAGEP, serán realizadas prioritariamente por persoal do grupo 0 auxiliar, o salario da cal para 2011 e 2012, fixado partindo dos valores establecidos pola comisión mixta sectorial, será de 979,80 e 999,40 euros brutos mensuais respectivamente por todos os conceptos (14 pagas ao ano). Este salario bruto mensual poderá incrementarse con complementos por cantidade de traballo que non poderán superar o 30% do referido salario.

**Art. 24. Plus de transporte.**—Para os efectos de compensar os gastos que neste concepto se producen no período laboral (11 meses), establécese no devandito período para todos os traballadores portuarios dos grupos I ao IV, un plus de transporte de igual valor para todos eles 89,35 e 91,14 euros mensuais, para os anos 2011 e 2012 respectivamente, independentemente do número de horas traballadas. Cada vez que un traballador asista ao nomeamento en domingo ou festivo e saia nomeado en calquera quenda diferente ao de 8.00 a 14.00, sumaranse a este Plus 2,72 e 2,77 euros para os anos 2011 e 2012 respectivamente.

**Art. 25. Pagas extraordinarias.**—Os días 15 dos meses de xullo e decembro, todos os traballadores portuarios dos grupos I ao IV percibirán unha paga dunha contía bruta de 1.316,57 e 1.342,90 euros para os anos 2011 e 2012 respectivamente. Os efectos de percepción destas pagas consideraranse como efectivamente traballado o tempo de I.T. derivado de accidente laboral. En caso de enfermidade garántese un mínimo bruto de 1.175,46 e 1.198,97 euros para os anos 2011 e 2012 respectivamente.

Nos supostos de ingreso ou cesamento do traballador no curso do ano, as pagas de referencia percibiranse en proporción aos meses traballados posterior ou anteriormente.

**Art. 26. Retribución das vacacións.**—No mes de vacacións os traballadores portuarios dos grupos I ao IV percibirán a media das retribucións brutas correspondentes aos últimos doce meses (período xuño/maio) sen a inclusión do plus de actividade. No período de vacacións non se percibirá plus de transporte.

**Art. 27. Cotización á seguridade social.**—A cotización á Seguridade Social será en función dos correspondentes grupos profesionais, de acordo co que establecen as normas do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aplicable aos traballadores portuarios.

## CAPÍTULO VII

### Formación profesional, clasificación profesional, ascensos

**Art. 28. Formación profesional.**—As partes conveñen na necesidade prioritaria de establecer uns plans permanentes de formación profesional dos estibadores portuarios, asumindo o contido íntegro do II Acordo nacional de formación continua e I Acordo estatal de formación continua para o sector de estiba.

A SAGEP, a iniciativa propia, ou por proposta da comisión tripartita de formación da SAGEP, asume a responsabilidade de impulsar e coordinar as accións formativas, en colaboración coas empresas estibadoras, os estibadores portuarios e a Administración do Estado.

A este fin as empresas porán en coñecemento da comisión tripartita de formación, calquera proxecto de implantación de novas tecnoloxías, maquinaria ou instalacións que requiran a formación de profesionais de especialidades non existentes na actualidade. A devandita comunicación realizarase coa antelación suficiente para que se poidan organizar as accións formativas de forma que as empresas poidan dispoñer de persoal capacitado antes de iniciarse a implantación da innovación.

Todas as accións formativas deberán garantir a igualdade de oportunidades a todos os traballadores portuarios.

A comisión tripartita de formación virá obrigada a velar polo cumprimento das instrucións, normas e resolucións que se establezan pola comisión paritaria sectorial de estiba e estiba.

Os traballadores están obrigados a asistir aos cursos de formación que se aproben pola comisión paritaria sectorial de estiba e desestiba, por proposta da comisión tripartita da sociedade de estiba, en desenvolvemento do plan de formación que anualmente se estableza.

A asistencia obrigatoria aos cursos dá dereito ao traballador asistente, no suposto que perdesse a súa quenda de traballo, a ser nomeado con preferencia no seguinte chamamento.

Os cursos de formación impartiranse, preferentemente e sempre que sexa posible, fóra da xornada de traballo. A falta de asistencia aos cursos establecidos pola comisión sen causa xustificada, será notificada á comisión mixta do III Acordo sectorial.

**Art. 29. Clasificación profesional: grupos profesionais.**—Sobre esta materia, as partes asumen o texto do III Acordo marco para a regulación das relacións laborais no sector portuario (art. 12.1), subscrito polas súas representacións o 27 de setembro de 1999, e que entra a formar parte integrante deste convenio como Anexo III (páx. 27).

**Art. 30. Sistemas de clasificación e promoción profesional.**—A clasificación profesional e os sistemas para a promoción corresponderán, exclusivamente, á SAGEP.

No suposto de que un traballador de relación laboral común acceda a un grupo profesional superior e non exista posto de traballo dese grupo na empresa onde viñese prestando os seus servizos, este poderá pactar a súa incorporación á SAGEP ou a outra empresa estibadora que requira traballadores portuarios con tal cualificación.

En caso de discrepancia sobre a materia contida en este artigo, sobre o grupo ou especialidade asignado a un traballador, ou sobre o sistema de promoción establecido el, ou os prexudicados, formulará de xeito previo e con carácter preceptivo a cuestión ante a comisión mixta, que resolverá de acordo cos seguintes criterios:

a) O sistema garantizará a plena igualdade de oportunidades aos estibadores suxeitos a relación laboral especial ou común, para acceder a todas as promocións e ascensos que se efectuen no seu ámbito.

As ofertas de promoción serán publicadas no taboleiro de anuncios da SAGEP e das empresas estibadoras e comunicada á representación dos traballadores nas respectivas entidades e terán acceso, previa a selección correspondente, todos os traballadores independentemente do grupo profesional e especialidades que teñan recoñecidas, sen prexuízo dos criterios de preferencia que se conveñan.

